

II Edición: MOITOS CAMIÑOS, MESMA META

Evento familiar pensado para tódolos públicos maiores de 5 anos, onde terán que completar un percorrido de 1.500 metros unha serie de obstáculos.

Regulamento:

Artigo 1.- Data e lugar

- 12 de marzo de 2022 a partires das 11:30 horas.
- Parque Ameneiral (Bertamiráns – Ames).

Artigo 2. Participación, idade mínima e nº de prazas.

Na proba poderá participar calquera persoa que cumprira os 5 anos e acepte dito regulamento no momento de formalizar a inscrición.

Os menores deberán asistir acompañados dun adulto.

Límite de prazas: 400 persoas.

Artigo 3. Percorrido

O percorrido será duns 1.500 metros aproximadamente, contará con 12 obstáculos a superar, con ou sen axuda de compañeir@s.

Artigo 4. Cronometraxe e premios.

É unha proba de carácter lúdico e non competitiva, polo que non se cronometrará con chip ou similar.

Entregarase un agasallo a cada participante.

Artigo 5. Inscrición e recollida de dorsais.

A inscrición realizarase a través da web www.deporticket.com

A proba será totalmente DE BALDE (data límite venres 11 ás 14:00h).

Recollida de dorsais o día da proba a partir das 10:45h.

Artigo 6. Seguros.

A organización contará cun seguro de responsabilidade civil e outro de accidentes.

Artigo 7. Seguridade e percorrido.

O percorrido estará sinalizado e marcado. En caso de lesión, comuníqueo ao responsable da organización máis próximo e solicitar asistencia médica.

Artigo 8. Suspensión da proba

A organización resérvase o dereito a variar o punto de saída ou chegada, atrasar a hora da proba ou suspendela por causas alleas a organización.

Artigo 9. Uso de datos dos participantes.

A inscrición implica a autorización para o uso libre de datos ou fotos dos participantes nos medios de comunicación e futuras comunicacións relacionadas coa proba.

De conformidade co establecido na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, infórmase que a participación na proba implica o consentimento para a incorporación dos datos persoais facilitados ao ficheiro automatizado existente para os organizadores.

Os participantes consenten tacitamente que as imaxes que se obteñan na carreira poderán ser utilizadas pola organización e polas empresas colaboradoras para fins de difusión e publicidade do evento e/ou produtos asociados o mesmo.

Artigo 10. Responsabilidade dos participantes.

Os participantes menores de idade, terán que ir acompañados dun adulto que se responsabilice deles durante a proba. Asimesmo, cada participante declara baixo a súa responsabilidade, que está en condicións óptimas de saúde para realizar a proba e exime a organización da devandita responsabilidade.

Por mor da situación epidemiolóxica será OBRIGATORIO:

- uso de máscara.
- presentación do certificado covid. No caso de non dispoñer del, cómpre presentar unha proba PCR negativa realizada con 72 horas de antelación, ou ben un test de antíxenos realizado 48 horas antes.

Artigo 11. Aceptación do Regulamento.

Mediante a miña inscrición na proba MOITOS CAMIÑOS, MESMA META, comprométome a cumprir a normativa que regula a proba, así como as indicacións dos directores da mesma.